



Rexistro Xeral
Saída Nº :2532
Data de saída: 29 de xuño de 2007

AXUDAS E SUBVENCIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA O CURSO ACADÉMICO 2007/2008.

A Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do día 11), na exposición que fai sobre prezos públicos no seu capítulo 2º do título II, non recolle a posibilidade de exencións. Tampouco a Resolución Reitoral do 22 de xullo de 1999 de exencións na Universidade de Santiago de Compostela recolle a posibilidade de axudas con cargo ao seu orzamento.

En consonancia, estímase conveniente establecer un sistema de axudas con cargo ao orzamento da Universidade para facilitar o estudo ao persoal que presta os seus servizos nela.

Así mesmo, verbo doutras entidades públicas ou privadas, fíxase a posibilidade de recoñecer aos seus membros as axudas ao estudo. En particular recoñécese para o persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un sistema de axudas condicionada á compensación dos ingresos deixados de percibir pola USC, e ás universidades de A Coruña e Vigo un sistema en virtude do recoñecemento recíproco destas axudas e sometido ao principio de compensación, de ser o caso.

POR TODO O EXPOSTO RESOLVO:

PRIMEIRO: PERSOAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

1. Titulares e beneficiarios.

1. 1 Son titulares do dereito á percepción das axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos **o persoal que presta os seus servizos na USC** que a seguir se relaciona:

- a)** Persoal docente: funcionarios de carreira que pertencen aos corpos docentes universitarios e profesores interinos ou contratados.
- b)** Persoal de Administración e Servizos: funcionarios de carreira ou interinos e persoal laboral fixo ou temporal.
- c)** O persoal que se relaciona nos apartados anteriores que acadara a xubilación no desempeño do seu posto na USC.

Todo o persoal referido nos apartados a e b, deberá atoparse na situación de servizo activo ou servizos especiais. Cando a súa situación sexa a de servizo activo deberá estar prestando servizo na Universidade no prazo establecido para a matrícula.

1. 2 Son beneficiarios das axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos, ademais dos titulares:

- a)** O cónxuxe, ou persoa con análoga relación, e os fillos de calquera dos titulares.

b) Os menores de idade "acollidos temporalmente" polo titular de xeito "permanente" ou "preadoptivo".

c) O cónxuxe e os fillos do titular do dereito que falecese en servizo activo ou en acto de servizo.

En todos os casos os fillos dos titulares, para seren beneficiarios, non poderán ter cumpridos os 28 anos no prazo establecido para a matrícula, no caso de estudos de primeiro e segundo ciclo, e os 33 nos estudos de terceiro ciclo.

2. Obxecto das axudas:

2.1-Matrículas en titulacións oficiais impartidas na USC

2.1.1 Os titulares terán dereito á percepción de axudas por matrícula na USC en estudos conducentes á obtención de titulacións oficiais nos tres ciclos do ensino universitario.

2.1.2 Os beneficiarios terán dereito, nos mesmos termos que os titulares, á percepción de axudas por matrícula para realizar unha única titulación oficial en todos os seus ciclos.

2.1.3. No caso de simultaneidade de estudos, ou de matrícula no segundo cuadrimestre doutra titulación, a axuda se concederá aos beneficiarios para os estudos nos que o alumno formalizara matrícula por primeira vez.

2.1.4 Os beneficiarios estarán excluídos desta axuda no caso de seren licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ter o título de doutor ou estar en condicións legais de obtelos. Tamén serán excluídos os que teñan unha titulación de primeiro ciclo e desexen realizar outra tamén de primeiro ciclo.

2.1.5 Manterán a condición de beneficiarios das axudas que regula a presente resolución os alumnos que consonte ás ordes ministeriais de acceso ás titulacións de segundo ciclo realicen estes estudos e procedan dun primeiro ciclo ou dunha titulación de primeiro ciclo.

2.1.6 Os beneficios desta convocatoria exténdense ata o 100% do prezo público da primeira e segunda matrícula aos alumnos das Escolas Universitarias de Traballo Social, Relacións Laborais e Enfermería en centros adscritos da USC. O importe do prezo público da matrícula será o que estableza para titulacións renovadas o Decreto que publicará no DOGA a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2007/2008.

2.1.7 **Non serán obxecto das axudas regulamentadas nesta resolución** os importes que se reporten dos seguintes actos:

- **A matrícula nos estudos conducentes a titulacións Oficiais de Posgrao (POP)**
- **A titoría anual de doutoramento**
- **Os prezos por servizos académicos** de: apertura de expediente, tarxeta de identidade, certificacións, depósitos de títulos, probas de acceso, traslados de expediente, dereitos de exame ou calquera outro prezo distinto do importe dos prezos públicos por matrícula en materias soltas ou créditos.
- **O importe do seguro escolar.**

2.1.8 Contía das axudas:

a) A contía desta axuda ten a consideración de retribución en especie segundo consta no artigo 42 da lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, e como tal está suxeita a tributación como rendemento de traballo.

b) Para primeiro e segundo ciclo será o importe da formalización da matrícula na USC en materias soltas ou en curso completo.

c) Nos programas de doutoramento, será o importe da formalización da matrícula en 20 créditos no primeiro ano (período de docencia) e en 12 créditos no segundo ano (período de investigación), sen que se poidan superar os 32 créditos nos estados de terceiro ciclo. No caso de que os alumnos cambien de programa de doutoramento, ou se matriculen de máis materias ou cursos, os créditos matriculados que excedan dos 32 deberán ser aboados, agás que o beneficiario sexa o propio titular.

2.2- Matrícula en titulacións de universidades públicas distintas das do sistema universitario galego.

2.2.1- Os titulares e os beneficiarios terán dereito á axuda nos mesmos termos que se establecen no apartado 2.1, nos seguintes supostos:

a) Se formalizan matrícula noutra universidade pública por non seren admitidos en titulacións que se imparten nas universidades galegas.

b) Se formalizan matrícula noutra universidade pública en titulacións ou especialidades que non se imparten no Sistema Universitario Galego.

2.2.2- Os titulares terán dereito á axuda nos mesmos termos que se establecen no apartado anterior, se formalizan matrícula na Universidade Nacional de Educación a Distancia (U.N.E.D.) por non poder estudar no sistema universitario galego debido á incompatibilidade de horario ou lugar de traballo.

2.2.3- Contía da axuda:

a) A contía desta axuda ten a consideración de retribución en especie segundo consta no artigo 42 da lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, e como tal está suxeita a tributación como rendemento de traballo.

b) Para primeiro e segundo ciclo será o importe da formalización da primeira e segunda matrícula en materias soltas ou curso completo.

c) Nos programas de doutoramento, será o importe da formalización da primeira e segunda matrícula en 20 créditos no primeiro ano (período de docencia) 12 créditos no segundo ano (período de investigación), sen que se poidan superar os 32 créditos nos estudos de terceiro ciclo.

No caso de que os alumnos cambien de programa de doutoramento, ou se matriculen de máis materias ou cursos, os créditos matriculados que excedan dos 32 deberán ser aboados.

SEGUNDO: PERSOAL DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS DE A CORUÑA E VIGO

1. O réxime establecido nos artigos anteriores será de aplicación ao persoal con destino nas Universidades de A Coruña e Vigo, para as matrículas que formalicen na USC, sempre que reúnan os requisitos establecidos para o persoal da Universidade de Santiago e nos mesmos termos que ten recoñecido este persoal.

2. A aplicación desta resolución ao persoal das Universidades da Coruña e Vigo, estará suxeita aos principios de reciprocidade e de compensación interuniversitaria.

3. Tramitación das solicitudes.

3.1 A subvención de prezos públicos por servizos académicos estará condicionada á compensación á USC por parte das Universidades da Coruña e Vigo das cantidades deixadas de percibir.

3.2 Os prazos para levar a cabo esta compensación serán:

- 30 de novembro de 2007 para as matrículas realizadas entre o 1 de xullo e o 7 de novembro de 2007.
- 30 de abril de 2008 para as matrículas realizadas nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2008.

3.3 No caso de que non existise compensación dos prezos públicos entre as universidades, procederase **ao arquivo das solicitudes feitas, debendo aboarse por parte do estudante o importe da matrícula.**

TERCEIRO: PERSOAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

1- Tramitación das solicitudes.

1.1 A subvención de prezos públicos por servizos académicos estará condicionada ó reitegro á USC por parte da Consellaría de Educación das cantidades deixadas de percibir.

1.2 Os prazos para o pagamento da compensación serán:

- 30 de novembro de 2007 para as matrículas realizadas entre o 1 de xullo e o 7 de novembro de 2007.
- 30 de abril de 2008 para as matrículas realizadas nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2008.

1.4 No caso de que a Consellaría non efectúe o reitegro á USC polo importe e nos prazos sinalados, procederase **ao arquivo das solicitudes feitas, debendo aboarse por parte do estudante o importe da matrícula.**

2- Titulares e beneficiarios.

2.1 Son titulares do dereito á percepción das axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos, os funcionarios de carreira de calquera administración pública con destino na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e que se atopen nela na situación de servizo activo ou servizos especiais no prazo establecido para a matrícula.

2.2 Son beneficiarios das axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos os fillos de calquera dos titulares sempre e cando non teñan cumpridos os 28 anos no prazo establecido para a matrícula no caso de estudos de primeiro e segundo ciclo, e os 33 nos estudos de terceiro ciclo.

3- Obxecto das axudas.

3.1 Os titulares e mais os beneficiarios terán dereito á percepción de axudas por matrícula na USC, para realizar unha única titulación oficial en todos os seus ciclos.

3.2 No caso de simultaneidade de estudos, ou de matrícula no segundo cuatrimestre doutra titulación, a axuda concederáse para os estudos nos que o alumno formalizara matrícula por primeira vez.

3.3 Estarán excluídos desta axuda no caso de seren licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ter o título de doutor ou estar en condicións legais de obtelos. Tamén serán excluídos os que teñan unha titulación de primeiro ciclo e desexen realizar outra tamén de primeiro ciclo.

3.4 Manterán a condición de beneficiarios das axudas que regula a presente resolución os alumnos que consonte ás ordes ministeriais de acceso ás titulacións de segundo ciclo realicen estes estudos e procedan dun primeiro ciclo ou dunha titulación de primeiro ciclo.

3.5 No suposto de ter cursado estudos universitarios total ou parcialmente como beneficiario da subvención, non poderá obterse a axuda, no caso de cambio de estudos, ata que o número de cursos matriculados nos novos estudos sexa superior ao número de axudas disfrutadas nos estudos para os que disfrutara a subvención.

3.6 Non serán obxecto das axudas regulamentadas nesta resolución os importes que se reporten dos seguintes actos:

- **A matrícula nos estudos conducentes a titulacións Oficiais de Posgrado (POP).**
- **A titoría anual de doutoramento**
- **Os prezos por servizos académicos** de: apertura de expediente, tarxeta de identidade, certificacións, depósitos de títulos, probas de acceso, traslados de expediente, dereitos de exame ou calquera outro prezo distinto do importe dos prezos públicos por matrícula en materias soltas ou créditos.
- **O importe do seguro escolar.**

3. 7 Contía da axuda:

a) Para primeiro e segundo ciclo será o importe da formalización da primeira matrícula en materias soltas ou en curso completo.

b) Nos programas de doutoramento, será o importe da formalización da primeira matrícula en 20 créditos no primeiro ano (período de docencia) e de 12 créditos no segundo ano (período de investigación), sen que se poidan superar os 32 créditos nos estudos de terceiro ciclo.

No caso de que os alumnos cambien de programa de doutoramento, ou se matriculen de máis materias ou cursos, os créditos matriculados que excedan dos 32 deberán ser aboados.

Para estes efectos entenderase primeira matrícula a formalización de matrícula nunha materia por primeira vez, non considerándose como tal se o alumno formalizou matrícula en cursos anteriores ou noutra universidade ou centro de estudos, xa tivera ou non dereito á subvención. As validacións non terán a consideración de primeira matrícula e polo tanto deberán ser aboadas.

CUARTO: PERSOAL DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

O persoal doutras administracións non referenciadas expresamente nesta resolución poderá ser beneficiario das axudas por matrícula, consonte o que establezan os convenios ou acordos que, sometidos a reciprocidade ou compensación polos ingresos deixados de percibir, poida asinar a USC con esas administracións.

QUINTO: LIMITACIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

1 Un mesmo beneficiario non poderá figurar con máis dun titular. No caso de que presente máis dunha solicitude o titular deberá ser sempre o mesmo.

2 Non será obxecto das axudas reguladas mediante esta resolución o importe dos prezos públicos por servizos académicos das universidades privadas.

3 Estas axudas son incompatibles con calquera outra, de carácter público ou privado, destinada ao mesmo fin.

4 Terá carácter prioritario a aplicación de calquera outra axuda, dedución, subvención ou exención para o pagamento de prezos públicos por servizos académicos á que o alumno tivera dereito, sendo obrigatorio poñelo en coñecemento da universidade.

SEXTO: MODIFICACIÓN DA CONCESIÓN.

A concesión desta axuda poderá ser modificada no caso de ser concedida a titulares ou beneficiarios que non reúnan algún ou algúns dos requisitos establecidos, non os acrediten debidamente, ou cando exista incompatibilidade con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

O alumno deberá aboar o importe da matrícula, se aínda non o fixo, nos dez días seguintes á recepción da resolución de modificación de concesión, do contrario iniciarase expediente de anulación da matrícula na titulación obxecto da concesión da axuda modificada.

DISPOSICIÓNS FINAIS:

PRIMEIRA: O procedemento establécese no Anexo I (pendente de elaborar)

SEGUNDA: O impreso de solicitude é o que figura como Anexo II

TERCEIRA: Queda sen efecto, para o curso académico 2007/2008, a resolución de 3 de xullo de 2006, rexistro de saída do mesmo día, reguladora das axudas e subvencións de prezos públicos para o curso académico 2006/2007.

CUARTA: A instrución do 3 de maio de 1999 para a interpretación do apartado cuarto da resolución reitoral do 9 de xullo de 1998 entenderase en idénticos termos respecto do apartado terceiro desta resolución.

SEXTA: A presente resolución entrará en vigor ao día seguinte da data de rexistro de saída.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, e de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén a contar desde o día seguinte á súa publicación, perante este órgano.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2007

O REITOR



Senén Barro Ameneiro

- Sra. Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria
- Sres./as. Vicerreitores/as de Relacións Institucionais; Investigación e Innovación; Calidade e Planificación; Profesorado e Organización Académica; Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior; Economía e Financiamento; Comunidade Universitaria e Compromiso Social; Cultura; Infraestructuras, e Coordinación do Campus de Lugo.
- Sra. Secretaria Xeral
- Sres./as. Directores/as e Decanos/as de Centros
- Sr. xerente
- Sres./as xefes/as dos Servizos de Asesoría Xurídica; Contabilidade Orzamentos e Tesouraría; Interno; Planificación de Persoal Docente e Investigador; Planificación e Programación de PAS; Xestión de Persoal; Xestión Económica; Xestión Académica, e Xestión da Oferta e Programación Académica
- Sres./as xefes das Oficinas de Análise de Reclamacións; Información Universitaria, e Relacións Exteriores.
- Sres. Xefes das Unidades de Xestión Académica



ANEXO I PROCEDIMENTO CURSO 2007/2008

PRIMEIRO: a solicitude de axudas iniciarase:

1.1 Se a matrícula se realiza en titulacións oficiais impartidas na USC:

1.1.1 Para estudos de primeiro e segundo ciclo sinalándoo o alumno no impreso XA-1, no apartado de PAGAMENTO E SUBVENCIÓN DE PREZOS DE MATRÍCULA .

1.1.2 Para estudos de terceiro ciclo, os alumnos sinalarano no seu impreso de matrícula.

1.2 Para estudos de primeiro, segundo e terceiro ciclo, no caso de solicitude de nova adxudicación -estudantes que non foran beneficiarios desta subvención no curso 2006/2007- o alumno terá que cubrir o dato de apelidos, nome e NIF do titular da subvención.

1.3 No caso de matrícula en titulacións de universidades públicas distintas da do sistema universitario galego, mediante instancia presentada na Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado, acompañada da documentación que se indica no apartado cuarto do presente anexo.

SEGUNDO: tramitación das solicitudes da Consellería e as Universidades de Vigo e Coruña.

2.1 Para as solicitudes iniciadas nas matrículas realizadas entre o 1 de xullo e o 7 de novembro de 2007.

2.1.1 O 15 de novembro a USC remitirá á Consellería, e ás Universidades de Vigo e Coruña, unha certificación do importe das matrículas deixadas de percibir polos solicitantes desta axuda de cada administración para que se proceda á compensación no prazo establecido do 30 de novembro.

2.1.2 A Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado iniciará o trámite das solicitudes despois de verificar co Servizo de Contabilidade que o pagamento da compensación se efectuou en prazo.

2.1.3 No caso de que non existise compensación dos prezos públicos, procederase ao arquivo das solicitudes feitas, debendo aboarse por parte do estudante o importe da matrícula.

2.1.4 A declaración de arquivo da solicitude farase de acordo co procedemento de notificación que se establece na Universidade.

2.2 Para as solicitudes iniciadas nas matrículas realizadas nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2008.

2.2.1 O 15 de abril a USC remitirá á Consellería e ás Universidades de Vigo e Coruña unha certificación do importe das matrículas deixadas de percibir polos solicitantes desta axuda de cada administración para que procedan á compensación no prazo establecido do 30 de abril.

2.2.2 A Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado iniciará o trámite das solicitudes despois de verificar co Servizo de Contabilidade que o pagamento da compensación se efectuou en prazo.

2.2.3 No caso de que non existise compensación dos prezos públicos, procederase ao arquivo das solicitudes feitas, debendo aboarse por parte do estudante o importe da matrícula.

2.2.4 A declaración de arquivo da solicitude farase de acordo co procedemento de notificación que se establece na Universidade.

TERCEIRO: presentación da xustificación de cumprir os requisitos das solicitudes que se tramiten.

3.1 Nova solicitude: Estudantes que non foran beneficiarios desta subvención no curso 2006/2007.

3.1.1 A Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado remitiralles un impreso de solicitude que terá que ser debidamente cuberto e acompañado da documentación que figura no apartado cuarto da presente resolución, e que se lles indicará no oficio de remisión.

3.1.2 A dita Sección revisará que se presenten as solicitudes de axuda e que se acompañen dos documentos preceptivos para, no caso contrario, requirir ao interesado que subsane a falta, con indicación de que de non o facer terase por desistido do seu pedimento, arquivándose previa resolución expresa.

3.1.3 A comunicación de arquivo da solicitude farase de acordo co procedemento de notificación que se establece na Universidade.

3.2 Renovación: Estudantes que foron beneficiarios da subvención no curso 2006/2007.

3.2.1 Considerase renovada de oficio a solicitude cuberta no curso 2006/2007 polo titular da subvención agás que o propio titular da subvención faga constar o seu desacordo mediante instancia dirixida á Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado.

3.2.2 Non terán que presentar nin impreso nin documentación. É suficiente a realización do inicio de solicitude segundo figura no punto primeiro deste anexo, matriculándose na USC como destinatarios desta axuda.

CUARTO: documentación.

- a) Formulario de solicitude de axuda debidamente cumprimentado.
- b) Copia do DNI do titular e dos beneficiarios, e copia do libro de familia na que estean inscritos. Se o beneficiario é parella de feito, xustificante de convivencia.
- c) Copia da tarxeta das probas de aptitude (selectividade) ou xustificante do último curso de ensinanzas secundarias.
- d) No caso de pertencer o beneficiario a familia numerosa da categoría xeral de dous ou tres fillos, deberá achegarse copia do libro de familia xunto coa copia do título no cal deberá constar a data de caducidade do mesmo.
- e) Datos bancarios nos que figure o titular do dereito xunto co código de conta cliente. Só no caso de realizarse o pagamento da matrícula antes de solicitar a axuda ou ser alumnos de centros adscritos desta Universidade.
- f) Xustificante de matrícula e do pagamento de matrícula no caso de ser alumnos de centros adscritos desta universidade ou matricularse nunha universidade pública non pertencente ao sistema universitario galego, de ser o caso. O alumno presentará orixinal e copia do xustificante para que sexa cotexado polo funcionario que recolla a solicitude. No caso de facer o pagamento fraccionado, deberá presentar xustificante de pagamento de todos os prazos.

QUINTO: revisión das solicitudes.

5.1 A Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado cruzará os datos dos presuntos titulares coas administracións ás que estea adscrito o solicitante da subvención, co obxecto de comprobar se cumpren os requisitos esixidos na convocatoria para ser titulares.

5.2 A Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado revisará tamén que as solicitudes cumpran o resto dos requisitos esixidos na convocatoria para os beneficiarios.

SEXTO: efectos da solicitude na matrícula na USC.

6.1 A matrícula do alumno realizada como destinatario desta axuda producirá a suspensión do pagamento do importe da axuda que poida corresponder aos beneficiarios en titulacións oficiais impartidas na USC, agás o estipulado nos puntos 6.3 e 6.4 do presente anexo.

6.2 Nos abonares da liquidación da matrícula para o persoal con subvención de prezos públicos, incluíranse os seguintes textos ao carón do importe que figura como subvencionado:

6.2.1 No prazo de matrícula dende o 1 de xullo ata o 7 de novembro:

a) Persoal da USC: “A contía desta subvención ten a consideración de retribución en especie segundo se regula no artigo 42 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, e como tal está suxeita a tributación como rendemento de traballo”.

b) Persoal da Universidade da Coruña: “Esta subvención está condicionada á compensación da mesma por parte da Universidade da Coruña. No caso de non percibir a USC a dita compensación, deberá aboar o importe da matrícula sen subvención”.

c) Persoal da Universidade de Vigo: “Esta subvención está condicionada á compensación da mesma por parte da Universidade de Vigo. No caso de non percibir a USC a dita compensación, deberá aboar o importe da matrícula sen subvención”.

d) Persoal funcionario de carreira da Consellaría de Educación: “O importe desta subvención será tramitado para o seu abono pola Consellaría de Educación. No caso de que a 30 de novembro de 2007 a USC non reciba da Consellaría de Educación este importe deberá ser aboado íntegramente polo estudante”.

6.2.2 No prazo de matrícula dos meses de xaneiro, febreiro e marzo, incluíranse os mesmos textos do apartado anterior, pero onde figura 30 de novembro de 2007, especificarase 30 de abril de 2008.

6.3 Se o titular é persoal das Universidades Galegas, agás que os estudos sexan realizados polo propio titular, o alumno deberá aboar os prezos públicos por servizos académicos no momento de formalizar a matrícula cando:

- a) O alumno de primeiro ou segundo ciclo sexa titulado ou estea en condicións de obter o título.
- b) O alumno de terceiro ciclo teña cursados máis de 32 créditos.
- c) O alumno de terceiro ciclo matriculara en anos académicos anteriores 20 créditos no primeiro ano (período de docencia) ou 12 no segundo (período de investigación) e desexe volver a matricular eses períodos.

6.4 Se o titular é persoal Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o alumno deberá aboar os prezos públicos por servizos académicos no momento de formalizar a matrícula cando:

- a) O alumno de primeiro ou segundo ciclo sexa titulado ou estea en condicións de obter o título.
- b) O alumno de terceiro ciclo teña cursados máis de 32 créditos.
- c) O alumno de terceiro ciclo matriculara en anos académicos anteriores 20 créditos no primeiro ano (período de docencia) ou 12 no segundo (período de investigación) e desexe volver a matricular eses períodos.
- d) O alumno formalice matrícula nunha materia por segunda vez en primeiro, segundo ou terceiro ciclo.

SÉTIMO: resolución.

7.1 Corresponde á Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado a revisión do cumprimento dos requisitos para a obtención da axuda e a elevación de propostas ao Reitor para a súa concesión ou denegación así como a notificación ao interesado da resolución adoptada.

7.2 A comunicación de denegación farase de acordo co procedemento de notificación que se estableza na Universidade e a resolución indicará a causa ou causas que motivaron a resolución e as reclamacións ou recursos que contra a mesma caben e o prazo para facelos.

OITAVO: efectos da resolución.

8.1 Matrículas en titulacións oficiais impartidas na USC.

a) Resolución de concesión: os beneficiarios matriculados no curso 2007/2008 non aboarán os prezos públicos polo importe da subvención concedida. De teren pagado este importe, a Unidade de Xestión Académica (UXA) correspondente ou a Sección de Terceiro Ciclo procederá de oficio á súa devolución.

B) Resolución de denegación: os alumnos afectados deberán aboar á Universidade os prezos públicos polos servizos académicos que no seu caso lles correspondan, e que deberán figurar na liquidación de matrícula que será enviada pola UXA correspondente ou a Sección de Terceiro Ciclo.

8.2 Matrículas en centros adscritos desta Universidade:

a) Resolución de concesión: a Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado remitirá mensualmente ao Servizo de Control interno a relación das solicitudes e documentación necesaria para que se faga o pagamento da axuda concedida. No caso de que o alumno faga o pagamento fraccionado dos prezos públicos por servizos académicos non procederá o aboamento da axuda ata que xustifique o pagamento de todos os prazos.

b) Resolución de denegación: os alumnos afectados, deberán reintegrar á Universidade os prezos públicos polos servizos académicos que no seu caso lles correspondan, e que deberán figurar na liquidación de matrícula que será enviada pola UXA correspondente.

8.3 Matrículas en titulacións de universidades públicas distintas do sistema universitario galego:

a) Resolución de concesión: a Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado remitirá mensualmente ao Servizo de Control interno a relación das solicitudes e documentación necesaria para que se faga o pagamento da axuda concedida. No caso de que o alumno faga o pagamento fraccionado dos prezos públicos por servizos académicos non procederá o aboamento da axuda ata que xustifique o pagamento de todos os prazos.

NOVENO: prazo de resolución.

Será de seis meses desde a finalización do prazo de matrícula. No caso de que a resolución non se producira a axuda considerase denegada.

DÉCIMO: control dos prezos públicos.

10.1 A Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado enviará á UXA correspondente ou á Sección de Terceiro Ciclo copia da resolución de concesión, denegación e declaración de arquivo para que conste no expediente do alumno.

10.2 Finalizado o proceso de resolución enviarase un resumo global por unidades administrativas, UXAS ou Sección de Terceiro Ciclo, onde figure a situación de cada beneficiario.

10.3 No caso de denegación ou declaración de arquivo a UXA correspondente ou a Sección de Terceiro Ciclo reclamará ao alumno o pagamento da matrícula. De non o facer procederase á **anulación da matrícula** e de todos os actos administrativos producidos con posterioridade á solicitude da axuda e relacionados coa mesma, de acordo co procedemento de xestión de impagos da USC.

UNDÉCIMO: compensación das axudas, subvencións e exencións.

11.2 O importe da compensación das certificacións a que fan referencia os puntos 2.1.1 e 2.2.1 deste procedemento será a totalidade do importe das matrículas deixado de percibir pola USC debido á aplicación da exención aos solicitantes da subvención de cada unha das administracións públicas.

DUODÉCIMO: regularización da compensación das axudas, subvencións e exencións.

12.1 Unha vez coñecido o importe total das axudas concedidas ao persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das Universidades de A Coruña e Vigo, procederase a regularización das compensacións con estas administracións.

12.2 A regularización da compensación farase do seguinte xeito:

- a) Engadindo ao importe total xa compensado polas administracións o importe das matrículas e das ampliacións de matrícula non recollidas nas certificacións de 15 de novembro de 2007 e 15 de abril de 2008.
- b) Descontando ao importe total xa compensado polas administracións o importe das axudas denegadas ou arquivadas e recollidas nas certificacións de 15 de novembro de 2007 e 15 de abril de 2008.

12.3 Os expedientes para a compensación dos prezos públicos que a Universidade deba presentar nas correspondentes administracións públicas e que establece a Resolución do 19 de xullo de 2002 realizaranse pola Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado seguindo as instrucións que ao respecto dicten os Servizos de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería e o Servizo de Control Interno.



Espacio reservado para o selo do Rexistro de Entrada

Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado
Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado,
Pavillón Estudiantil • Campus Universitario Sur
15782 Santiago de Compostela
telf.: 981528066

Ref.: (preimpres)

ANEXO II

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PARA O CURSO 2007/2008

Datos do TITULAR do dereito á subvención de prezos públicos

Apelidos e Nome: NIF:

Domicilio a efectos de notificación:

Enderezo:

Concello: Provincia:

CP..... Teléfono/s: FAX:

Enderezo Electrónico:

Se é persoal das Universidades: Xubilado Falecido

Administración na que presta servizos (sinalar cun "x")

Consellaría de Educación e Ord. Universitaria

Universidade de A Coruña

Universidade de Vigo

Universidade de Santiago de Compostela

Instituto de Investigación Agrobiolóxicas de Galicia

Datos Bancarios (só no caso de proceder devolución):

Nº Conta: - - -

Entidade: Axencia:

Concello: Provincia:

Datos do alumno/a beneficiario/a da subvención

Apelidos e Nome: (preimpreso)

NIF: (preimpreso)

Titulación: (preimpreso)

Parentesco co titular (sinalar cun "x"): Fillo Cónxuxe O propio titular

Importe da Subvención: (preimpreso)

Posúe outro título universitario? (sinalar cun "x")

SI → Indicar a titulación:

NON

Está matriculado neste curso noutros estudos universitarios? (sinalar cun "x")

SI → Indicar a titulación:

NO

Estivo matriculado noutros cursos noutros estudos universitarios? (sinalar cun "x")

SI → Indicar a titulación:

NON

..... a de de 2007

O/A TITULAR,

Asdo:.....